



Delegación Provincial de
A Coruña

Instituto Nacional de Estadística
Registro de la Delegación
Provincial del INE en A Coruña
SALIDA
ID Ref: 00000515As2000052709
Fecha: 11/09/2020 11:43:15

Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa do Concello

11 de setembro de 2020

A *Lei Orgánica 5/1995 do Tribunal do Xurado, de 22 de maio, mailo Real Decreto 1398/1995, de 4 de agosto, modificado polos Reais Decretos 2067/1996, de 13 de setembro, e 1271/2012, de 31 de agosto, establecen o procedemento legal para a formación das listas de candidatos a xurados.*

Para o seu cumprimento, esta Delegación Provincial ven de determinar que o sorteo para a formación destas listas se leve a cabo o vindeiro día **24 de setembro, ás 12:00 horas** na Sala de Xuntas desta oficina, segundo a confirmación da Audiencia Provincial.

Tanto a consulta como a obtención da lista do censo vixente para exposición están integradas en IDA_CELEC, de modo que os concellos adheridos poderán facer consultas e xenerar o listado pdf de exposición on line sen necesidade de descargar nin instalar ningunha aplicación, como se facía en anos anteriores.

O Concello procederá á exposición ao público deste censo durante un prazo de sete días anterior á celebración do sorteo. Se ben non se fixa unha data concreta para o inicio da exposición, suxírese que se leve a cabo entre os días 16 e 22 do presente mes. Noutro caso (por exemplo, se o último día da exposición fose festivo) comunicárase a esta oficina o período de exposición que o Concello determine.

Por parte desta Delegación Provincial procederase á publicación da data, hora e lugar de sorteo no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Instituto Nacional de Estadística. Solicítase que a través do Concello se lle dea a maior publicidade posible.

Por último, sinalar que, unha vez rematada a exposición do censo, os ficheiros quedarán en poder do Concello ata o día 15 de outubro, en previsión de que poidan ser requiridos con motivo dunha posible reclamación contra o acto do sorteo. **Transcorrida esa data, serán destruídos, de xeito que se impida a utilización da información contida neles.**



El Delegado Provincial, P.A.
O responsable do Censo Electoral

Asdo.: Fco. Jesús Pérez Travieso